



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

BASES PARA SELECCIÓN MEDIANTE OPOSICIÓN DE TRES PRAZAS DE PEONS DE OBRAS EN RÉXIME DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL.

PRIMEIRA.- OBXETO: A provisión de tres (3) postos de persoal laboral temporal, ao amparo do disposto na Orde de 14/07/2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), (DOG nº 144 do 01/08/2016).

Os postos de traballo que se ofertan son, 3 peons de obras durante un período de seis (6) meses a xornada completa, para a realización da obra denominada “Mellora de Infraestruturas Públicas”, segundo memoria que se adxunta como anexo a estas bases.

Os contratos a realizar serán a tempo completo de luns a venres. O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para a función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro); realizándose un contrato baixo a modalidade de: “Contrato por obra o servizo determinado de interese social”, regulado en el artículo 15.1.a del Estatuto de los Trabajadores.

A retribución mensual bruta de cada contrato é de 1.370,83€, incluída a parte proporcional das pagas extras.

SEGUNDA.- As obras e servizos a realizar son os que se menciona na memoria de solicitude da subvención que se presentou a Xunta de Galicia, denominadas “Mellora de Infraestruturas Públicas” e cuxa descrición figura no anexo I destas bases.

O período previsto no que se realizaran irá dende o 10 de novembro de 2016 ata o 9 de maio de 2017.

TERCEIRA.- Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles tanto a data de selección como no da formalización do contrato de traballo e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e non haber sido contratados no ano 2015, por un período igual ou superior a seis meses con cargo as axudas a través dos programas de cooperación.. (Artigo 12 da Orde)
- f) Estar en posesión do CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE ou equivalente

CUARTA.- PROCEDIMIENTO: Dada a necesidade, segundo resolución reguladora, de contratar con traballadores “desempregados e inscritos como demandantes de emprego non ocupados”, o Concello solicitará ao Servizo Público de Emprego de Galicia unha relación de posibles candidatos, indicando data, hora e lugar para proceder ao inicio do procedemento de selección de candidatos/as.

Entenderase iniciado o proceso de selección cando a oficina de emprego remita os listados coas persoas preseleccionadas para cada posto de traballo estes rexistraranse no Concello, e entenderase por feita a solicitude para participar no proceso de selección. As persoas interesadas poderán consultar as presentes bases dende ese momento, que estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis e na paxina WEB do Concello.

A selección realizarase mediante a modalidade de oposición na que as capacidades dos aspirantes valoraranse mediante a realización de unha proba teórica tipo test, na que se responderán cuestións relacionadas cas tarefas a realizar por un peón de obras . Unha vez realizada a proba publicaranse os resultados na pax web e no taboleiro de anuncios do Concello e darase un prazo de dous (2) días para presentar as alegacións que se consideren oportunas, unha vez resoltas publicarase a lista definitiva de persoas seleccionadas e suplentes.

QUINTA.- Valoración de méritos

1º Realización de proba teórica. Puntuación entre 0 e 4 puntos

Para o persoal de obras esta proba teórica consistirá nun cuestionario tipo test con 20 preguntas, cunha puntuación de 0,2 por cada resposta correcta, descontando as incorrectas 0,05 puntos. A puntuación máxima obtida na realización desta proba será de 4 puntos. Para a realización desta proba os/as candidatos/as disporán dun tempo máximo de 30 minutos.

No caso de empate, teran preferencia por este orde (Artigo 12. 5 da Orde):

1. Mulleres
2. Parados/as de longa duración
3. Maiores de 45 anos

SEXTA.- - O Tribunal, que terá como funcións a avaliación da proba realizada polos aspirantes propondrá á Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente/a: A/o Secretaria/o do Concello de Cuntis. Ou persoal funcionario ou laboral en quen delegue.

Secretario/a: Un funcionario da Corporación ou persoal laboral que actuará con voz e voto.

Vocais:

Un técnico do Concello.

O axente de emprego e desenvolvemento local.

O encargado de obras do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.


O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

SETIMA.- Os candidatos que obteñan mais puntuación, serán os que ocupen os postos de traballo convocados. Crearase un sistema de reserva en función das puntuacións para cubrir as posibles baixas nos contratos obxecto de esta convocatoria.

OITAVA: Os candidatos seleccionados deberán incorporarse ao posto de traballo nun prazo de catro días hábiles dende a data na que se lles notifique o resultado.

Cuntis, 10 de outubro de 2016.
O Axente de Desenvolvemento Local,

José Antonio Sánchez Estévez





C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

ANEXO I

MEMORIA:

OBRA OU SERVIZO MELLORAS DE INFRAESTRUCTURAS PUBLICAS.

As actuacións que se teñen pensado levar a cabo co persoal contratado a través dos programas de cooperación, van dirixidas a mellorar as condicións de uso dos espazos públicos, repercutindo nun mellor aproveitamento de estos por parte dos veciños e veciñas.

Estas actuacións abarcan diferentes entornos e equipamentos de carácter público, así entre outras actuacións destacanse as seguintes:

1.- Actuacións de mantemento sobre determinados entornos e paraxes de valor medioambiental. Con esta actuación tratase de evitar o deterioro de determinadas zonas, que se ven abocadas a un estado de abandono e deterioro progresivo, por falta dun mantemento máis ou menos periódico, que serve de “disculpa”, para utilizalas como pequenos vertedoiros ou convertilas e n zonas marxinais. Esta actuación pretende que se produza unha revalorización de determinados espazos públicos, que actualmente se encontran abandonados e olvidados.

2.- Obras encamiñadas a mellorar os accesos e viais que son competencia municipal, en varias aldeas e parroquias, evitando desta forma perxuizos para os veciños e veciñas, que se producen como consecuencia dos danos causado polos temporais que afectaron estas zonas durante este inverno, garantindo desta maneira un bo acceso os núcleos de

poboación, que permitan, por exemplo, acceder de xeito seguro o transporte escolar, ou ao camión do lixo

3- Adecentamento, recuperación e arranxo de zonas de paso para peons, como por exemplo as aceras, pasos de peons, barandillas, bolardos etc., no casco urbano, que en moitos lugares presentan evidentes signos de deterioro, que poden provocar accidentes entre os transeúntes. Tamén se contemplan este tipo de actuacións noutras parroquias do concello, así como levar a cabo estes traballos en zonas de interese paisaxístico e ambiental.

4.- Por último tamen se levaran a cabo actuacións de mantemento, reparación e substitución de diferentes equipamentos municipais de uso público, como por exemplo a reparación, substitución e mantemento da rede de saneamento, e da rede de suministro de auga, evitando desta forma danos maiores, que acarreen unhas reparacións de maior envergadura e polo tanto máis costosas.


Para levar a cabo estas actuacións contemplase a contratación a xornada completa durante un período de seis meses de 3 peons de obras públicas.

O custo dos materiais a empregar, así como o coste da man de obra que non sexa subvencionado pola Consellería correrán a cargo do Concello de Cuntis.

Cuntis 11 de agosto de 2016.

O ADL.

J Antonio Sánchez Estévez

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and lines, positioned centrally at the bottom of the page.